

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8567 *Real decreto 632/2013, do 2 de agosto, de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, e polo que se modifica o Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil.*

O Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e que derroga a Directiva 94/56/CE, estableceu un paquete de medidas tendentes a garantir a asistencia ás vítimas dos accidentes de aviación civil e aos seus familiares.

Con este obxecto, o Regulamento UE n.º 992/2010, do 20 de outubro, establece a obriga de facilitar o antes posible e, en todo caso, nun prazo non superior a dúas horas desde a notificación do accidente, a lista das persoas a bordo da aeronave accidentada; articula mecanismos para que os pasaxeiros poidan designar unha persoa de contacto en caso de accidente; impón o tratamento confidencial do nome das persoas a bordo da aeronave, establecendo que soamente poderá facerse público despois de informar os familiares e cando estes non se opoñan, e prevé a designación dunha persoa de contacto que se encargará de informar as vítimas e os seus familiares.

Ademais destas medidas específicas e co obxectivo de asegurar no ámbito comunitario unha resposta máis ampla e harmonizada aos accidentes de aviación civil, o Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro, impón aos Estados o deber de estableceren plans de emerxencia a escala nacional que prevexan, en particular, a asistencia ás vítimas e aos seus familiares. Os Estados membros, así mesmo, deben velar porque as compañías aéreas rexistradas no seu territorio contén con plans de asistencia ás vítimas e aos seus familiares, e alentar as compañías de terceiros países a adoptaren eses plans.

En relación coa necesidade de adoptar un plan de emerxencia a escala nacional, debe terse en conta que, conforme o previsto na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, para facer fronte ás emerxencias de carácter xeral, entre as cales se inclúen as derivadas dos accidentes aéreos, as administracións contan xa cos plans de protección civil, territoriais ou especiais, adoptados nos seus respectivos ámbitos. Garántese así unha resposta homoxénea a escala nacional, con independencia do lugar en que ocorra o sinistro e do seu alcance, ao fixarse uns contidos mínimos comúns e indispoñibles que permiten a súa homologación posterior e integración nunha programación unitaria, de conformidade coa STC 133/1990, do 19 de xullo, e segundo o teor do previsto no Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma básica de protección civil. Segundo o establecido nesta norma, os plans de protección civil, territoriais e especiais, deben axustarse á Norma básica de protección civil e deben ser homologados pola correspondente comisión de protección civil, nacional ou autonómica.

Isto non obstante, para garantir que os plans de protección civil consideran necesariamente os accidentes aéreos como risco susceptible de xerar emerxencias, inclúense no inventario de riscos potenciais a que se refire o artigo 9.a) da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro.

Ademais, para asegurar a integración nunha programación unitaria, de conformidade coa doutrina constitucional na materia, complétase o contido mínimo dos plans de protección civil ou os seus protocolos de desenvolvemento en materia de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares. Para o establecemento deste contido mínimo común na asistencia ás vítimas e aos seus familiares en todo o territorio do Estado tivéronse en conta os estándares internacionais.

Este real decreto inclúe tamén as medidas que a Administración xeral do Estado debe garantir e establece a necesidade de adoptar un protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.

Por outra parte, a Lei 1/2011, do 4 de marzo, pola que se establece o Programa estatal de seguranza operacional para a aviación civil e se modifica a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, introduciu a obrigación das compañías aéreas con licenza española de dispoñeren dun plan de asistencia ás vítimas e aos seus familiares en caso de accidente aéreo de aviación civil, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro. Este plan de asistencia debe ser auditado pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea, logo de informe preceptivo do Ministerio do Interior.

Por razóns de seguranza xurídica, convén establecer as obrigacións mínimas das compañías aéreas na asistencia ás vítimas e aos seus familiares e, correlativamente, o contido mínimo destes plans, ben como dispoñer as medidas de asistencia que nesta materia deben dispoñer os plans de autoprotección dos aeroportos.

Conforme isto, este real decreto ten por obxecto introducir no ordenamento xurídico interno as disposicións precisas para asegurar o cumprimento do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro de 2010, tomando como referencia para a asistencia ás vítimas de accidentes aéreos e aos seus familiares o Manual sobre asistencia ás vítimas de accidentes de aeronaves e ás súas familias (Doc. 9973, AN 486) e o Documento OACI 9998- AN/499 sobre «Política da OACI sobre asistencia a vítimas de accidentes aéreos e aos seus familiares», ambos publicados en 2013, así como as disposicións aplicables noutros Estados.

Pode concluírse que, para garantir un completo esquema na protección das vítimas de accidentes aéreos e dos seus familiares, este real decreto dispón medidas en varios ámbitos: completa o contido mínimo dos plans de protección civil das comunidades autónomas en materia de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares, establece as actuacións que debe garantir a Administración xeral do Estado, regula as obrigacións que deben articularse a través do plan de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares do cal deben dispoñer as compañías aéreas, e as obrigacións que os plans de autoprotección dos aeroportos deben establecer en materia de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares, institúe a figura da persoa de contacto coas vítimas e os seus familiares, e dispón a adopción dun protocolo de actuación para coordinar as actuacións de todas as partes con responsabilidade nesta materia.

As medidas previstas neste real decreto atenderán ao previsto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e normas de desenvolvemento, no que resulte de aplicación.

O real decreto, por último, modifica o Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil, para ampliar a súa composición nun vogal, dentro do máximo de vogais previstos na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, co fin de reforzar o carácter multidisciplinar deste órgano de investigación e establecer expresamente entre as especialidades dos vogais a relativa ao mantemento técnico de aeronaves. Mantéñense inalterados, non obstante, os requisitos exixibles aos vogais da Comisión sobre Competencia Profesional e Independencia, sen concretar, por ser soamente un dos supostos en que deixaría de concorrer o requisito da independencia, que o dito requisito non o cumpre quen ten cargos representativos en institucións que teñen entre os seus fins a defensa dos colectivos profesionais.

Na tramitación deste real decreto pediuse o informe da Comisión Nacional de Protección Civil e da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes da Aviación Civil, tívose en conta o parecer das comunidades autónomas e das corporacións locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), da Asociación de

Afectados do Voo JK5022 e doutras organizacións representativas do sector, como as compañías aéreas, e do Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Fomento e do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

- a) Asegurar que os plans de protección civil inclúen os accidentes de aviación civil como risco susceptible de xerar emerxencias.
- b) Establecer as medidas que adoptarán as administracións públicas para garantir a asistencia das vítimas de accidentes de aviación civil e dos seus familiares.
- c) Desenvolver a obrigaición das compañías aéreas de contaren cun plan de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares prevista no artigo 37.3 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea.

2. Este real decreto dítase en aplicación do previsto no artigo 21 do Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se deroga a Directiva 94/56/CE.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto considérase:

- a) Compañía aérea toda empresa cunha licenza de explotación válida que a autoriza para prestar servizos de transporte de pasaxeiros, correo ou carga a cambio dunha remuneración ou do pagamento dun alugueiro.
- b) Vítima toda persoa, ocupante da aeronave ou non, que se encontre involuntariamente involucrada de forma directa nun accidente de aviación. Poden resultar vítimas dun accidente os membros da tripulación, os pasaxeiros ou ocupantes da aeronave e terceiros.
- c) Supervivente toda vítima que non sufriu lesións mortais como resultado do accidente.

2. Ao resto dos conceptos utilizados neste real decreto seranlles de aplicación as definicións do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro, para cuxos efectos se consideran familiares das vítimas dun accidente de aviación civil o seu cónxuxe ou parella de feito, os ascendentes e descendentes, por consanguinidade ou afinidade, e os parentes en liña colateral até o segundo grao.

Artigo 3. *Coordinación e cooperación na aplicación das medidas de asistencia ás vítimas de aviación civil e aos seus familiares.*

1. Os plans de protección civil ou, se for o caso, os protocolos que se adopten no seu desenvolvemento e aplicación, asegurarán a necesaria coordinación nas medidas de asistencia ás vítimas e aos seus familiares das administracións públicas cos plans das compañías aéreas regulados no capítulo III e cos plans de autoprotección dos aeroportos.

2. Na elaboración dos plans e protocolos a que se refire o número anterior poderán participar as asociacións representativas de vítimas de accidentes de aviación civil e, se for o caso, de compañías aéreas e aeroportos representativas do sector. Con estas asociacións, así mesmo, poderanse celebrar acordos e convenios para protocolizar a súa colaboración na asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.

CAPÍTULO II

Plans de protección civil

Artigo 4. Inclusión dos accidentes de aviación civil no inventario de riscos potenciais dos plans de protección civil.

Os accidentes de aviación civil considéranse, en todo caso, risco susceptible de xerar emerxencias, para os exclusivos efectos de garantir que os plans de protección civil os inclúen no inventario de riscos potenciais conforme o previsto no artigo 9.a) da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.

Artigo 5. Medidas dos plans de protección civil ou os seus protocolos de desenvolvemento para a asistencia ás vítimas e aos seus familiares.

1. Os plans de protección civil, territoriais ou especiais, ou os seus plans de desenvolvemento, para o suposto de emerxencia por accidente da aviación civil conterán, en todo caso, as seguintes medidas:

- a) A asistencia psicolóxica ás vítimas e aos seus familiares.
- b) O establecemento dun espazo privado en que os familiares poidan facer o dó privadamente, garantindo, se for o caso, espazos diferenciados para os familiares da tripulación e dos pasaxeiros. Adicionalmente, e na medida do posible, estableceranse espazos diferenciados para familiares de vítimas mortais e feridos de consideración e familiares do resto das vítimas.
- c) A protección da intimidade e dignidade das vítimas e dos seus familiares ante o acceso ou as comunicacións non solicitadas de persoas non involucradas na atención da emerxencia, entre outros, xornalistas ou avogados.
- d) A provisión de espazos privados para a colaboración coas forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas na obtención de descrições físicas e identificación de vítimas, conforme o previsto no Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples, aprobado polo Real decreto 32/2009, do 16 de xaneiro, cando o citado protocolo resulte de aplicación.
- e) A coordinación coa Administración xeral do Estado para a asistencia ás vítimas e aos seus familiares nos respectivos ámbitos das súas competencias.
- f) A coordinación e colaboración coa persoa de contacto encargada de informar as vítimas e os seus familiares prevista no artigo 7, á cal se prestará o apoio necesario para o eficaz exercicio das súas funcións.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 6.1.b) e asegurando a adecuada coordinación coa Administración xeral do Estado, os plans de protección civil poderán establecer a comunicación da presenza de nacionais do respectivo Estado que fosen vítimas do accidente ás oficinas consulares situadas no territorio da comunidade autónoma. Así mesmo, a comunicación poderase realizar a calquera outra oficina ou organismo de representación dos Estados con que a comunidade autónoma establece un protocolo de comunicación e coordinación de emerxencias.

Artigo 6. *Outras medidas para a asistencia ás vítimas e aos seus familiares.*

1. Ante a activación dun plan de protección civil como consecuencia dun accidente da aviación civil, a Administración xeral do Estado asegurará, dentro do marco operativo e de xestión do plan activado no que proceda, as seguintes medidas:

a) O apoio das forzas e corpos de seguranza do Estado, se for o caso, en coordinación coa policía autonómica, na asistencia ás vítimas e aos seus familiares, en particular protexendo a súa intimidade ante comunicacións non solicitadas con xornalistas, avogados ou outros.

b) A comunicación ás embaixadas doutros Estados en España da existencia de pasaxeiros a bordo da aeronave accidentada de nacionalidade do país respectivo, así como a coordinación, se for o caso, na asistencia aos familiares.

c) A tramitación, no menor tempo posible, dos visados e autorizacións para a entrada en España dos familiares das persoas a bordo, así como, se for o caso, a documentación necesaria para saír de España.

d) A expedición, no menor tempo posible, dos documentos de identidade ou de viaxe ás vítimas e aos familiares de nacionalidade española que o precisen.

e) As medidas administrativas e de coordinación que permitan a repatriación dos cadáveres cando o autorice a autoridade xudicial.

f) A participación dos familiares nas tarefas de identificación dos feridos e vítimas mortais en salas coa suficiente privacidade, conforme o previsto no Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples, cando ese protocolo resulte de aplicación.

g) A recuperación, sempre que sexa razoablemente posible, de calquera obxecto persoal, con independencia do seu estado ou grao de deterioración e, se for o caso, a custodia dos obxectos persoais que estiveren en poder das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas ou da Comisión de Investigación de Accidentes ou Incidentes da Aviación Civil, así como a súa entrega aos familiares cando teña concluído a investigación ou, se for o caso, o autorice a autoridade xudicial.

h) A facilitación dos dereitos recoñecidos polo artigo 21.4 e 5 do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro de 2010, ao perito ou experto designado por outro Estado membro da Unión Europea ou terceiro país que teña un interese especial no accidente por contar entre os seus cidadáns vítimas mortais ou feridos graves.

i) As medidas previstas no artigo 5 que lle sexan requiridas de conformidade co establecido no plan de protección civil.

2. Ademais, e sempre que a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes da Aviación Civil estableza que non se prexudican os obxectivos da investigación, facilitarase ás vítimas, aos seus familiares e ás asociacións de vítimas do accidente aéreo que, se for o caso, se constitúan, antes de facela pública:

a) A información factual sobre o accidente, ao menos nas 48 horas seguintes á súa produción.

b) As observacións factuais realizadas durante a investigación do accidente, os procedementos empregados, os avances da investigación, as recomendacións de seguranza emitidas, o contido dos informes preliminares, as declaracións provisorias e os informes finais e conclusións da investigación de seguranza.

Artigo 7. *Persoa de contacto coas vítimas e cos seus familiares.*

1. De conformidade co establecido no protocolo de coordinación previsto no artigo 8, designarase unha persoa de contacto coas vítimas e os seus familiares que será a encargada de:

a) Informar as vítimas e os seus familiares así como, se for o caso, a persoa de contacto designada polo pasaxeiro para a eventualidade dun accidente, sobre as diversas

cuestións relacionadas con este, entre outras, a identificación das persoas a bordo, o alcance da asistencia ás vítimas e aos seus familiares, así como os dereitos conexas que as asistan en virtude da normativa aeronáutica de aplicación.

- b) Actuar como enlace entre o operador da aeronave sinistrada e os familiares.
- c) Se for o caso, establecer a coordinación necesaria cos responsables designados por outros Estados para atender as vítimas e os seus familiares de tal nacionalidade.
- d) Pór á disposición das vítimas e familiares o folleto informativo e o compilación sobre lexislación aeronáutica aplicable a que se refire o artigo 9.

2. Corresponde efectuar a designación da persoa de contacto:

- a) Á comunidade autónoma en cuxo territorio tivese lugar o accidente, cando non se vise involucrada unha compañía aérea.
- b) Á Administración xeral do Estado, cando a aeronave sinistrada pertenza a unha compañía aérea. Esta designación poderá recaer na persoa prevista, se for o caso, no plan de protección civil que resulte de aplicación.

3. A persoa de contacto deberá contar coa capacitación adecuada, atendendo á natureza da emerxencia, e co perfil e a experiencia que se estableza no protocolo de coordinación previsto no artigo 8.

O protocolo establecerá as condicións para a designación da persoa de contacto coas vítimas e cos seus familiares, ben como a descrición do seu perfil e experiencia. A persoa de contacto disporá de experiencia e formación na atención de emerxencias e requirirá a participación nos simulacros previstos no artigo 19 se se trata de accidentes de aviación comercial, ou en calquera outro no resto de casos.

Así mesmo, para o eficaz exercicio das súas funcións, a persoa de contacto poderá pedir o apoio e colaboración que precise tanto ás autoridades de protección civil, segundo se prevé no artigo 5, como ao Comité Estatal de Apoio para a Asistencia ás Vítimas de accidentes de Aviación Civil e aos seus Familiares a que fai referencia o artigo 8.

4. Nos accidentes producidos fóra do territorio nacional, a Administración xeral do Estado designará unha persoa de contacto para colaborar coas autoridades do Estado en que se produza o accidente na información ás vítimas e aos seus familiares, en calquera dos seguintes supostos:

- 1.º Cando a aeronave accidentada sexa operada por unha compañía aérea con licenza de explotación española.
- 2.º Cando viaxe a bordo un número significativo de cidadáns de nacionalidade española.

Así mesmo, a Administración xeral do Estado poderá designar un experto, ao cal corresponderán os dereitos e facultades previstos no artigo 21, números 4 e 5, do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro de 2010. Esta designación poderá recaer na persoa a que se encomenden as funcións previstas no primeiro parágrafo deste número.

5. Ademais das funcións previstas nos números 1 e 4, a persoa de contacto designada desenvolverá as funcións que, con posterioridade á atención da emerxencia, lle atribúe este real decreto.

Artigo 8. *Coordinación das distintas administracións, compañías aéreas e xestores aeroportuarios para a asistencia ás vítimas.*

1. O subsecretario do Ministerio do Interior, logo de informe favorable da Comisión Nacional de Protección Civil, aprobará o Protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, no cal se conterá a organización e os procedementos que permitan asegurar á Administración xeral do Estado o exercicio, coa maior eficacia posible, das funcións que se lle atribúen neste real decreto, así como os mecanismos de colaboración coas autoridades autonómicas de

protección civil, incluída a información sobre os accidentes da aviación xeral ou deportiva, coas compañías aéreas e cos xestores aeroportuarios. Este protocolo integrárase no marco operativo e de xestión do plan autonómico de protección civil activado.

Na elaboración do protocolo, que o subsecretario do Ministerio do Interior poderá encargar a un grupo de traballo, terase en conta o parecer das comunidades autónomas e participarán, en todo caso, as asociacións representativas das vítimas de accidentes aéreos e dos seus familiares, así como, se for o caso, outras organizacións representativas do sector.

2. Créase o Comité Estatal de Apoio na Asistencia ás Vítimas de Accidentes de Aviación Civil e aos seus Familiares, coa natureza de grupo de traballo de acordo co previsto no artigo 40.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coa seguinte composición:

- a) O subsecretario do Ministerio do Interior, que actuará como presidente.
- b) O director xeral da Policía, o director xeral da Garda Civil, o director xeral de Protección Civil e Emerxencias, o director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, o director xeral de Aviación Civil, o director xeral de Asuntos Consulares e o director xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado, ou as persoas que teñan atribuída a súa suplencia conforme o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que actuarán como vogais.
- c) A persoa que designe o director xeral de Protección Civil e Emerxencias, de entre o seu persoal, para actuar como secretario do grupo.

3. Poderán ser convocados ás reunións do Comité Estatal de Apoio na Asistencia ás Vítimas de Accidentes de Aviación Civil e aos seus Familiares, por instancia do seu presidente, representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado, ou doutras administracións públicas, de acordo coa natureza das cuestións de que fose coñecer o Comité.

4. Corresponde ao Comité Estatal de Apoio na Asistencia ás Vítimas de Accidentes de Aviación Civil e aos seus Familiares apoiar o subsecretario do Interior para facilitar a colaboración entre os distintos organismos implicados no momento da aplicación do protocolo, todo isto no marco operativo e de xestión do plan autonómico de protección civil activado. En particular, o Comité dará apoio á persoa de contacto coas vítimas e aos seus familiares para o exercicio das súas funcións durante a xestión da crise.

Para a aplicación do protocolo poderán subscribirse acordos e convenios coas asociacións de vítimas de accidentes de aviación civil e os seus familiares.

5. O funcionamento do Comité Estatal de Apoio será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.

Artigo 9. Folleto de orientación e plans de asistencia das compañías aéreas con licenza comunitaria ou de terceiros países.

1. Para facilitar a orientación ás vítimas e aos seus familiares, o Ministerio de Fomento preparará, con participación das asociacións de vítimas de accidentes de aviación civil e os seus familiares, e das compañías aéreas, un folleto informativo que informará sobre os dereitos que asisten as vítimas e os seus familiares, a responsabilidade das compañías en caso de accidente, anticipos monetarios, prazos para o exercicio das accións de responsabilidade e outras obrigacións das compañías aéreas con licenza de explotación española conforme a normativa vixente.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento elaborará unha compilación coa lexislación aeronáutica aplicable en materia de asistencia ás vítimas e aos seus familiares, así como sobre os dereitos que os asisten.

O folleto informativo e a compilación previstos neste número poranse ao dispor das administracións públicas competentes e da persoa de contacto prevista no artigo 7.

2. Así mesmo, o Ministerio de Fomento:

- a) Recadará, en colaboración coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, a información precisa sobre os plans de asistencia ás vítimas e aos seus familiares das compañías aéreas con licenza comunitaria que operen en España.
- b) Impulsará a adopción polas compañías aéreas non comunitarias que operen en España de plans de asistencia ás vítimas de accidentes aéreos e aos seus familiares, recadando a información precisa sobre estes plans e as súas modificacións.

CAPÍTULO III

Asistencia ás vítimas e aos seus familiares polas compañías aéreas

Artigo 10. *Obrigacións das compañías aéreas.*

As compañías aéreas con licenza de explotación española están obrigadas a contar cun plan de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, que incluírá, ao menos, a asistencia prevista neste capítulo.

Artigo 11. *Información á persoa de contacto sobre as persoas a bordo e as medidas de asistencia aos pasaxeiros e aos seus familiares.*

1. A compañía aérea facilitará á persoa de contacto prevista no artigo 7 para informar as vítimas e os seus familiares a información sobre a lista das persoas a bordo da aeronave accidentada e, se for o caso, os datos da persoa designada polos pasaxeiros de conformidade co previsto no artigo 20 do Regulamento UE n.º 996/2010, do 20 de outubro.

2. Así mesmo, a compañía aérea facilitará á dita persoa toda a información sobre as medidas adoptadas conforme o previsto nos artigos seguintes.

Artigo 12. *Atención das consultas.*

1. As compañías aéreas deberán dispor de liñas telefónicas, atendidas en lingua castelá e inglesa, suficientes para facilitar información básica, recoller información que reciban sobre contactos das familias e atender as consultas sobre pasaxeiros vítimas do accidente. Estas liñas, que serán gratuítas para as chamadas nacionais, deberán estar atendidas por persoal cualificado e permanecerán abertas mentres sexa necesario en función do curso dos labores de rescate e identificación das persoas afectadas.

Da atención destas liñas telefónicas darase a publicidade adecuada atendendo á nacionalidade e orixe dos pasaxeiros vítimas do accidente.

2. As compañías aéreas, así mesmo, están obrigadas a facer todos os esforzos para localizar os familiares da tripulación e das vítimas do accidente sobre as cales non se efectuase ningunha consulta.

3. As compañías aéreas no desenvolvemento destas funcións atenderán as indicacións que estableza a persoa de contacto.

Artigo 13. *Subministracións de instalacións.*

1. As compañías aéreas, se é o caso en colaboración co xestor aeroportuario, facilitarán aos familiares das persoas a bordo da aeronave sinistrada un lugar adecuado para recibir asistencia e información e que teña suficiente privacidade, tanto nos lugares de orixe e destino do voo, como no lugar do sinistro.

2. Nos lugares habilitados conforme o previsto no número anterior asegurárase a manutención e facilitarase o acceso aos servizos de comunicación necesarios para contactar cos familiares que non estean presentes.

Artigo 14. *Transporte e aloxamento dos familiares e superviventes.*

1. As compañías aéreas subministrarán o transporte dos familiares das persoas a bordo até o lugar do accidente e o regreso, así como o aloxamento e manutención durante o tempo necesario en función do curso dos labores de rescate e identificación e, se for o caso, repatriación, das vítimas do accidente.

As compañías aéreas establecerán, no seu plan de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, os criterios para determinar o número de familiares que poderán beneficiarse desta medida de asistencia, atendendo, entre outros aspectos, ao número de vítimas e superviventes do accidente e ao parentesco entre dúas ou máis delas. Estas disposicións asegurarán que se atenden, ao menos, cinco familiares por cada unha das persoas a bordo da aeronave accidentada.

2. A asistencia prevista no número anterior prestarase, así mesmo, ás persoas a bordo superviventes do accidente.

3. A compañía aérea asegurará que se ofrece aloxamento en lugares distintos aos familiares dos falecidos e aos superviventes e aos seus familiares. Así mesmo, tentarase aloxar en lugares diferentes os membros da tripulación e os seus familiares e os pasaxeiros e os seus familiares.

Artigo 15. *Asistencia psicolóxica e financeira.*

1. As compañías aéreas facilitarán ás vítimas e aos seus familiares o apoio psicolóxico obxectivamente necesario para facer fronte e axudar a superar o accidente e o dó con posterioridade á emerxencia.

2. A compañía aérea proporcionará información sobre a asistencia financeira inmediata que preste aos familiares e superviventes, así como sobre os dereitos económicos destes en relación co accidente, entre outros sobre os detalles sobre os seguros subscritos e os pagamentos adiantados que procedan de conformidade co previsto no Convenio de Montreal de 1999 para a unificación de certas regras para o transporte aéreo internacional e o Regulamento (CE) n.º 2027/1997, do 9 de outubro de 1997, sobre a responsabilidade das compañías aéreas en caso de accidente.

Artigo 16. *Obxectos persoais.*

A compañía aérea é responsable do depósito, limpeza e devolución dos efectos persoais aos seus propietarios ou aos seus familiares, salvo que estes estean retidos para os efectos da investigación de seguranza do accidente ou xudicial, caso este en que será de aplicación o previsto no artigo, 6.1, letra g).

Artigo 17. *Outras medidas de asistencia ás vítimas de accidentes e aos seus familiares.*

A compañía aérea, se for o caso en colaboración co xestor aeroportuario, así mesmo:

a) Facilitará a visita ao lugar do accidente ás vítimas do accidente e os seus familiares, así como ás asociacións de vítimas de accidentes aéreos, cando o permitan os labores de investigación técnica de seguranza e xudicial que se desenvolvan nese lugar.

b) Contará coas vítimas do accidente e cos seus familiares, así como coas asociacións constituídas por estes, para a realización de calquera acto de conmemoración.

Artigo 18. *Contido mínimo do plan de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.*

1. Os plans das compañías aéreas de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares conterán, ao menos, as medidas para dar cumprimento ás obrigacións establecidas neste capítulo.

Os ditos plans conterán en todo caso a designación dun interlocutor da compañía coa persoa de contacto prevista neste real decreto, así como co interlocutor designado polo

aeroporto, unha descrición detallada dos medios persoais e materiais adscritos á aplicación de cada unha das medidas, así como das actuacións para a súa implementación e revisión, co fin de asegurar a súa eficacia se tivesen que se pór en práctica.

Así mesmo, os plans de asistencia recollerán, en todo caso, o réxime de responsabilidade na aplicación das medidas para os casos de voos con código compartido e/ou arrendamento de aeronaves con ou sen tripulación.

2. Os medios persoais adscritos á implementación das diversas medidas integradas no plan serán, á escolla da compañía aérea:

- a) Persoal propio.
- b) Persoal propio, xunto con persoal achegado conxuntamente por unha ou varias compañías aéreas, en tal caso, logo de subscrición dos correspondentes contratos ou protocolos de colaboración.
- c) Persoal achegado por un terceiro, logo de subscrición dos correspondentes contratos. Neste caso, ademais, deberá acreditarse que o terceiro contratado dispón de medios persoais cualificados para a atención da medida para cuxa aplicación se contrata.

3. O alcance das medidas incluídas no plan asegurarán a súa suficiencia atendendo ao volume de pasaxeiros transportados pola compañía aérea. Para estes efectos poderán deseñarse distintos tipos de resposta en función do número de pasaxeiros transportados polas distintas aeronaves operadas pola compañía.

4. No plan identificarase a persoa designada pola compañía aérea como responsable da súa aplicación. A compañía atribuirá ao responsable da aplicación do plan, se non dispuxer dela atendendo ao cargo que desempeñe na compañía, capacidade suficiente para comprometela na aplicación das medidas contidas no plan.

Artigo 19. *Formación do persoal, actualización do plan e simulacros.*

1. A compañía aérea asegurará a formación do persoal que interveña na aplicación do plan, establecendo neste os plans específicos de formación destinados ao seu persoal e, se for o caso, as medidas adoptadas para asegurar que o persoal alleo destinado á aplicación do plan conta con formación suficiente.

2. Así mesmo, a compañía realizará simulacros periódicos que permitan comprobar o funcionamento do plan e a súa coordinación con outros instrumentos. Para estes efectos, a compañía aérea acordará o calendario de simulacros coas autoridades de protección civil competentes na localidade onde se realice o simulacro, co xestor aeroportuario máis próximo ao dito lugar e coa persoa de contacto coas vítimas e cos seus familiares que designe a Administración xeral do Estado de conformidade co previsto neste real decreto, á cal se dirixirá a través da Secretaría do Comité Estatal de Apoio ou doutro punto de contacto que esta especificase. Todos eles participarán no simulacro cos medios que coiden necesarios nos termos acordados coa compañía aérea.

A compañía aérea comunicará, con ao menos 3 meses de anticipación, o seu calendario de simulacros á Axencia Estatal de Seguraza Aérea co fin de que, se for o caso, o seu persoal asista para os efectos de inspección e control.

3. Ademais, a compañía aérea adoptará as medidas necesarias para manter actualizado o plan para garantir a asistencia precisa atendendo á natureza e volume das operacións de transporte aéreo que realice e, en todo caso, revisarase cada cinco anos. O plan conterá as medidas de actualización que vaia aplicar a compañía.

Artigo 20. *Auditoría dos plans de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.*

1. A Axencia Estatal de Seguraza Aérea na auditoría dos plans das compañías aéreas de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, prevista no artigo 37.3 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, verificará que estes se axustan ao disposto neste real decreto e que se acredita suficientemente o aseguramento das medidas previstas neles.

2. As compañías aéreas con licenza española remitirán á Axencia Estatal de Seguranza Aérea os seus plans de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares e as súas actualizacións ou revisións no prazo máximo de dous meses desde a data da súa adopción.

3. A Axencia Estatal de Seguranza Aérea dispón dun prazo de seis meses para auditar o plan presentado, logo de informe preceptivo do Ministerio do Interior en relación con todas aquelas cuestións relativas á articulación e coherencia do plan, así como dos medios de coordinación previstos nel cos plans de protección civil, en particular coas medidas de asistencia previstas neles. Este prazo poderá ser suspendido polo tempo que medie entre a petición do informe ao Ministerio do Interior e a súa recepción, por un prazo non superior a tres meses. De conformidade co previsto no artigo 42.5, letra c), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberá comunicarse aos interesados a solicitude do informe e a data da súa recepción.

Transcorrido este prazo sen que a Axencia Estatal de Seguranza Aérea se pronuncie expresamente sobre o resultado da auditoría, entenderase que este é favorable.

4. Cando a auditoría dea un resultado desfavorable, a compañía aérea deberá presentar ante a Axencia Estatal de Seguranza Aérea, no prazo concedido por esta, un novo plan de asistencia que emende os defectos, inconsistencias ou omisións detectadas.

En materia de recursos será de aplicación o disposto no artigo 4 do Estatuto da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

Artigo 21. *Inspección e control.*

Corresponde á Axencia Estatal de Seguranza Aérea o exercicio da inspección e control do previsto neste capítulo, de conformidade coas potestades establecidas na Lei 21/2003, do 7 de xullo, e no Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica.

O incumprimento da obrigaón de dispor dun plan adecuado de asistencia ás vítimas e familiares de accidente aéreo, conforme o previsto neste real decreto, así como da obrigaón de executalo en caso de accidente, constitúe unha infracción administrativa moi grave, de conformidade co artigo 50.3.7.^a da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Disposición adicional primeira. *Asistencia ás vítimas e aos seus familiares facilitada polos xestores aeroportuarios.*

1. Os plans de autoprotección dos aeroportos previstos no Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, contarán, entre as medidas de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares, coas seguintes:

a) A colaboración coas compañías aéreas para o fornecemento das instalacións a que fai referencia o artigo 13 no recinto aeroportuario e para o cumprimento das medidas previstas no artigo 17, así como para a realización dos simulacros a que fai referencia o artigo 19.2.

b) A designación dun interlocutor para a súa coordinación co interlocutor da compañía da aeronave sinistrada, así como coa persoa de contacto prevista no artigo 7.

c) Calquera outra medida que asegure a coordinación e cooperación na aplicación das medidas de asistencia ás vítimas de aviación civil e aos seus familiares a que fai referencia o artigo 3.

2. No caso de que o accidente se producise nun recinto aeroportuario, o aeroporto facilitará o acceso das vítimas e dos seus familiares ao lugar do accidente, salvo que razóns de seguranza o impidan. Nos actos de conmemoración do accidente, e sempre

que a solicitude de acceso se reciba con suficiente anticipación, o aeroporto adoptará as medidas necesarias para garantir o acceso.

Disposición adicional segunda. *Aprobación do Protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto o subsecretario do Ministerio do Interior aprobará o Protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos plans das compañías aéreas e aeroportos.*

As compañías aéreas dispoñen dun prazo de tres meses para adaptaren os seus plans de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares ao disposto neste real decreto.

En canto os aeroportos non procedan á revisión dos seus plans de autoprotección ante emerxencias conforme a súa normativa específica, para adaptarse ao disposto neste real decreto en materia de asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e aos seus familiares, elaborarán procedementos para cumprir o previsto na disposición adicional primeira deste real decreto e remitiranos ás autoridades competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas, así como á Axencia Estatal de Seguraza Aérea no prazo de tres meses.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil.*

O Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 8.2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«O Pleno estará composto por un presidente e sete vogais designados, conforme o previsto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguraza aérea, entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional no sector da aviación civil nas distintas especialidades de enxeñaría, electrónica, telecomunicacións ou aeronáutica, entre outras, as operacións aéreas, as infraestruturas aeronáuticas, o mantemento técnico de aeronaves, a navegación aérea, a docencia e a investigación ou calquera outra conexas anteriores, e valorarase especialmente a súa independencia, obxectividade de criterio e a solvencia demostrada no desempeño de cargos de responsabilidade en empresas públicas ou privadas do sector.

O ministro de Fomento procederá á designación do presidente nos termos establecidos na Lei 21/2003, do 7 de xullo.»

Dous. Acrécentase unha disposición transitoria única do seguinte teor:

«Disposición transitoria única. *Normas transitorias.*

O vogal da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil designado após a entrada en vigor do previsto no artigo 8.2 integrarase no órgano que estiver constituído no momento de se producir a designación, e cesará no seu mandato cando expire o mandato da Comisión.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta disposición dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Os artigos 4, 5, 6 e 8 e a disposición adicional segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública, sen prexuízo da competencia das comunidades autónomas en materia de policía cando así se asumise estatutariamente, conforme o artigo 148.1.22.^o da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habíltanse os ministros de Fomento e Interior para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, en particular e no que se refire ás competencias do Ministerio de Fomento, atendendo ás orientacións e recomendacións da Organización de Aviación Civil Internacional en materia de asistencia ás vítimas e aos seus familiares.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN